



BANDO DA ALCALDÍA

**DON RAMIRO VARELA PEÓN,
ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE AGOLADA,
FAGO SABER:**

NOVAS FRECUENCIAS DA TELEVISIÓN DIXITAL TERRESTRE

O pasado día 26 de outubro algunhas frecuencias nas que os nosos aparatos de televisión recibían o sinal, **mudaron**. Por iso algunhas canles como as de alta definición, (as que aparecen con un HD ao lado da canle, por exemplo tve HD), perderon o seu número de frecuencia e cambiaron a outro. **Para poder seguir a recibir ditas sinais e necesario** que dende o menú do mando a distancia ou do propio aparato de TV fagamos unha nova **RESINTONIZACIÓN**, bastará con apretar o botón de menú e ir a onde pon configuración e alí premer sobre configuración automática e aceptar). **Isto é necesario para os veciños que reciben o sinal dende a zona de Santiago.** Os que a reciban dende a estación reemisora de Orrea de momento non será necesario, aínda que **se recomenda**, posto que a Xunta está a adaptar ditos repetidores.

Tamén será necesario en algúns casos dotar as nosas antenas de Módulos ou de Amplificadores. (Nas vivendas comunitarias principalmente-Edifícios de 3 ou máis alturas ppalmente).

En relación con isto e ante noticias recibidas se **AVISA QUE EXISTEN PERSOAS QUE FRAUDULENTAMENTE OFERTAN O CAMBIO DE ANTENAS** o cual non e necesario nin atenden a legalidade.

So empresas ou autónomos inscritas no rexistro do ministerio de Industria poden e deben facer ditas modificacións de módulos ou amplificadores, debido a que a complexidade disto require de persoal especializado. Ademais os propietarios que queiran acceder a **liña de axudas da Xunta de Galicia** para axudar a pagar tales cambios **deberán obrigatoriamente facelo cun INSTALADOR AUTORIZADO E REXISTRADO.**

A páxina de consulta de instaladores autorizados pode consultarse no seguinte enderezo web:

<http://www.minetur.gob.es/telecomunicaciones/infraestructuras/registroinstaladores/paginas/consultainstaladores.aspx>

Na páxina web do concello, **www.agolada.es**, **quedarán un enlace** a dita páxina para que lles sexa máis fácil de consultar, e se colgará en breve un cuadro cos instaladores rexistrados na comarca de Deza.

Se agradece que os veciños das distintas zonas de Agolada compartan esta información para evitar problemas coa TDT e máis para evitar sufrir enganos.

O manda e asina o Sr Alcalde de Agolada a 27 de Outubro de 2014.

O Alcalde